

CUESTIÓNS QUE PODEN ENTRAR NO EXAME (V-ADV-PREP-CONX.)

TEORÍA

5 cuestións entre as que seguen:

1. O verbo. Constituíntes.
2. Pretérito perfecto na 2ª e 3ª conxugacións. P5 pretérito perfecto.
3. Acentuación: P4 / P5 Imperfecto indicativo, pluscuamperfecto, condicional e imperfecto subxuntivo.
4. Pretérito perfecto verbos rematados en *-aír, -oír, -uír*: *Saíu, oíu, instruíu* (de *saír, oír, instruír*).
Diferenza co pretérito perfecto de subir e partir.
5. P4 / P5 pretérito imperfecto verbos rematados en *-aer, -oer, -aír, -oír, -uír*:
6. Presente de indicativo e de subxuntivo nos verbos rematados en *-aer, -oer -aír, -oír*. O mesmo nos verbos rematados en *-uír*.
7. Presente indicativo, presente subxuntivo e formas co tema de perfecto nos verbos rematados en *-ecer, -ucir*.
8. Infinitivo conxugado e futuro de subxuntivo. Nos verbos regulares e nos irregulares.
9. Participios irregulares. Práctica: Distinguir nun texto verbos que teñan dobre participio ou participio irregular.
10. Infinitivo conxugado (con material).
11. Perífrases verbais (con material). O infinitivo xerundial.
12. Diferenza adverbio, preposición e conxunción.
13. Formas que poden ser indefinidos ou adverbios (como algo, nada, todo, etc.)
14. Significado dos seguintes adverbios:
 - Lugar: *alén, algures, aquén, avante, ningures, u?, velaí, velaquí, xalundes*.
 - Tempo: *hogano*.
 - Modo: *a eito, a feito, á mantenta, a treo, ao chou, ás toas, asemade, de balde, de socato, devagar, engorde, paseniño, secasí*.
- ✓ Dúbida: achega 3 adverbios. Con exemplos.
15. Achega 3 adverbios de dúbida. Utilízaos en exemplos.
16. Restricións no uso de *deica, perante*.
17. Significado especial de *canda, contra, onda, xunta, malía, sinte, so, encol de*.
18. Achega tres conxuncións adversativas (recorda que *sen embargo non é correcto).

PRÁCTICA

5 cuestións. Aplicación das cuestións anteriores.